

Modificacións da P. D. da materia de GUITARRA

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos centros docentes da *Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela establece** as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de GUITARRA para o curso 2019-20:

I. CURSOS DE 1º A 4º DE GRAO ELEMENTAL

▪ MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados polo profesor/a.
- Aproveitar as clases e manter unha actitude correcta.

▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 2º trimestre.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Son os mesmos que aparecen na programación, coa excepción dos que se refiren á participación nas audicións e actividades organizadas polo departamento, que só se terán en conta ata o momento de cancelación das mesmas. Engádense as ferramentas necesarias para os procedementos non presenciais, que son as que se usaron no terceiro trimestre con cada alumno ou alumna: correo electrónico, aula virtual, videochamada, CentrosNet ou actividades na rede.

- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- a) Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 25%
- b) Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 25%
- c) Cumprir os obxectivos de traballo marcados polo profesor/a: 25%
- d) Aproveitar as clases e manter unha actitude correcta: 25%

Sobre estes criterios aplicaranse as adaptacións, limitacións e medidas sobre a avaliación e as cualificacións reguladas no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020 que se mencionan ao comezo deste documento.

- MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua. Para estes casos mantense a necesidade dunha proba final, á que se convocará o alumno/a preferentemente por videochamada a través do medio técnico que figure na convocatoria e previa comunicación co titor/a. Os criterios de cualificación para esta proba extraordinaria son os que marca a PD, aínda que os contidos mínimos esixibles vense modificados por este mesmo documento.

II. CURSOS DE 1º A 6º DE GRAO PROFESIONAL

- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a.
- Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso.
- Cumprir os obxectivos de traballo marcados polo profesor/a.
- Aproveitar as clases e manter unha actitude correcta.

- MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia son os que figuran na programación como correspondentes ao 1º e 2º trimestre.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Son os mesmos que aparecen na programación, coa excepción dos que se refiren á participación nas audicións e actividades organizadas polo departamento, que só se terá en conta ata o momento de cancelación das mesmas. Engádense as ferramentas necesarias para os procedementos non presenciais, que son as que se usaron no terceiro trimestre con cada alumno ou alumna: correo electrónico, aula virtual, videochamada, CentrosNet ou actividades na rede.

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

- a) Interpretar correctamente as pezas (obras e estudos) propostas polo/a profesor/a: 25%
- b) Mostrar un desenvolvemento técnico e interpretativo acorde co nivel requirido para o curso: 25%
- c) Cumprir os obxectivos de traballo marcados polo profesor/a: 25%
- d) Aproveitar as clases e manter unha actitude correcta: 25%

Sobre estes criterios aplicaranse as adaptacións, limitacións e medidas sobre a avaliación e as cualificacións reguladas no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020 que se mencionan ao comezo deste documento.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua. Para estes casos mantense a necesidade dunha proba final, á que se convocará o alumno/a preferentemente por videochamada a través do medio técnico que figure na convocatoria e previa comunicación co titor/a. Os criterios de cualificación para esta proba extraordinaria son os que marca a PD, aínda que os contidos mínimos esixibles vense modificados por este mesmo documento.